

TEST IDEOLÓXICO PARA TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA.
POLO (POR + O) ARTEMIO LÁNDOAS, DO CÍRCULO SEMIÓTICO DE VITE



Os conselleiros Vázquez e Mato coa Galiña Azul

Palabras de D. Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no acto de presentación d'A Galiña Azul pola Xunta de Galicia o día 18 de agosto de 2009 (texto transcrito a partir da [gravación](#) da súa intervención pola Axencia Galega de Noticias).

FALA O SR. CONSELLEIRO

A galiña representa a sensibilidade dos nenos e [é?] o compromiso dos pequenos co respecto aos demais, coa liberdade, a diversidade e a pluralidade.

A galiña representa o compromiso do novo goberno da Xunta coa liberdade educativa.

Neste sentido, a galiña simboliza unha nova etapa nas nosas escolas infantís. Hoxe presentamos unha imaxe fresca e novidosa que ten que ver moito co que pretendemos facer coa nosa escola de redes infantís: despolitizalas e des[ilo... ideos...]ideoloxizalas, perdón.

O noso obxectivo é formar dende o berce a cidadáns librepensadores, portadores de dereitos universais e actores protagonistas da liberdade que debe caracterizar a unha democracia sólida como a nosa.

Exercicios

1. Desde o teu punto de vista, o deseño *fresco e novidoso* presentado pola Xunta aseméllase máis ben a:

- Unha galiña azul despolitizada.
- Un pito azul ideoloxizado e hip-hopeiro predisposto a facer graffiti na sede rexional do PP.
- Unha pataca grafómana e local da Limia que se universaliza vestindo o uniforme do [Reading Football Club](#), do Championship inglés.

2. Cantas veces calculas que o Conselleiro utiliza, sobre un total de 105 palabras, algún termo que teña que ver coa familia léxica de *liberdade* seguindo así as directrices ditadas por FAES para reforzar o ideoloxema “esquerda = ausencia de liberdades = gulag”?

- 1.
- 105 (porque o texto non dá para máis, que se non...).
- 4.

3. Que é a Escola de Redes Infantís?

- Un ciclo formativo de iniciación vinculado co Plan Marítimo-Pesqueiro para nenos rebeldes.
- Un grupo anti-pederastia da Benemérita.
- Un subproduto herdado do bipartito que custa unha pasta.

4. Que cres que pensará Mons. Rouco Varela da idea do PPdeG de formar na escola “dende o berce a cidadáns librepensadores”?

- Pareceralle ben, porque o de *librepensamento* é un concepto líquido e posmoderno.
- Organizará un debate na COPE para templar gaitas pero de todos xeitos pedirá na rúa Génova un certificado de boa conduta do conselleiro.
- Que o conselleiro que pronunciou esas palabras é un mentecato sen formación.

5. Os dereitos universais... pórtanse?

- Si. De feito hai porteadores magníficos deles pola parte do Congo. Tamén no Bután.
- Non, os que se portaban eran os “valores eternos” ([Ley de Principios del Movimiento Nacional](#), pr. V).
- Depende. En todo caso os que resultan in(so)portábeis son os valores locais que limitan a nosa cultura, en especial ao pronuncialos en lingua galega coa fonética do país (de aí que Vázquez diga “Sunta”, moito máis universal e cosmopolita, o sea).

6. Coñeces algún outro caso no mundo no que a liberdade sexa representada por unha galiña?

- Non. A galiña é un animal insolidario e cruel coas conxéneres que padecen doenzas ou algún grao de minusvalía física (atácanas a golpes co peteiro na cabeza até matalas).
- Quita de aí. A galiña é un animal covarde que representa apenas disvalores no imaxinario social e que nada ten a ver coa diversidade nin coa pluralidade.
- Algúns si. Carlos Casares postulou no seu conto, con aqueloutra galiña azul, a igualdade e a xustiza, así como a equiparación en dereitos dos individuos, sen que isto dependese da cor nin das opcións lingüísticas. Fíxoo para defender o galego e aos nenos e nenas galego-falantes na escola franquista. É difícil de entender que se lle dea a volta ao símbolo para execrar aos valedores/falantes do galego como xente que manipula e adoutrina politicamente dende o berce. Trátase dunha traizón a Casares.